

Carlos Casares

..... *literaria*

**CONVERSAS
CON ÁNHEL FOLE**



..... *Biblioteca Carlos Casares*

Carlos Casares

BIOGRÁFO


ALGUNHAS ACHEGAS

Patricia Arias Chachero

Secretaria Fundación Otero Pedrayo

Carlos Casares foi un gran creador, un autor prolífico que nos legou unha obra extensa e de calidade. Se como poeta foi temperán e hoxe pouco coñecido, co paso dos anos tense consolidado como un narrador de éxito, un xornalista pertinaz, un tradutor comprometido e un precursor da literatura infantil en lingua galega. Alén disto foi un consumado biógrafo, faceta publicamente recoñecida pero ben pouco analizada.

Tras publicar algúns artigos biobibliográficos na Revista Grial¹, o seu traballo neste eido iníciase con seriedade en 1980, cando asina o segundo título da colección Conciencia de Galicia, impulsada pola editorial Galaxia para dar a coñecer de maneira sinxela e coitada, ás principais figuras cultura galega. Este primeiro manual, sobre Manuel Curros Enríquez, recolle un pequeno e documentado estudo seguido dunha breve antoloxía. Ao ano seguinte, publicará na mesma colec-



1 "Primera noticia de Martín Codax", núm. 37, 1972, pp.337-338; "Apuntes para un estudio da poética de Valentín Lamas Carvajal", núm. 38, pp. 469-474, "Lería con Eduardo Blanco-Amor", núm. 41, pp. 337-344, "O meu Castelao primeiro", núm. 47, 96-98; "Otero Pedrayo e o Cenáculo ourensán", núm. 52, pp. 184-191, "Lería con Álvaro Cunqueiro", núm. 72, pp. 202-209...

ción, *Vicente Risco* e *Otero Pedrayo*, dous volumes imprescindibles dos que nos ocuparemos neste artigo.



A ese mesmo afán divulgativo e supoñemos que redactados tamén por encarga, responden unha serie de pequenos escritos entregados á Real Academia Galega para ser publicados co gallo das Letras Galegas. En todos eles a semblanza biográfica clara, concisa e xeralmente, ben documentada, vai acompañada dunha representativa antoloxía. A primeira entrega, *Francisca Herrera Garrido*, apareceu en 1987; ao ano seguinte é a quenda de *Ramón Otero Pedrayo*. *Vida e obra: escolma de textos*. No 92, asina *Fermín Bouza Brey*. *Limiar e escolma de textos* e cinco anos despois *Ánxel Fole*.

O noso escritor coñecía ben a este último pois no 84, moito antes de que se lle dedicase o Día das Letras Galegas, tiña publicado *Conversas con Ánxel Fole*, achega biográfica en forma de entrevista na que o investigador transcribe a longa charla que mantivo co lucense a finais do mes de xaneiro de 1983.


Falamos, como se adoita dicir, de todo o divino e o humano. Comemos bo xamón e bebemos bo viño, e Fole fartouse

de fumar, de tusir e de contestar ó teléfono, pois aquel mesmo día publicaban os periódicos a noticia de que fora proposto para o Premio Nobel de literatura (Casares 1984: 7)

En 1996, Fole vaíse converter no protagonista dunha terceira biografía. Esta moi particular, pois nela o biógrafo adaptará os seus coñecementos a unha linguaxe sinxela e amena destinada aos lectores máis novos. Nace así *A vida de Ánxel Fole*, impresa na Colección Árbore da editorial Galaxia, dirixida a un público infantil e xuvenil.

Comprobamos como Casares tendía a insistir nas traxectorias de determinadas personalidades. Isto mesmo sucede co ourensán Juan de la Coba. A comezos dos noventa o *Diario 16 de Galicia* publica na *Biblioteca de Autores Galegos* o primeiro intento serio de aproximarse á vida do estafalario escritor ourensán. O volume, titulado *Vida, obra e milagres de Xan da Coba* está asinado ademais de por Casares por Xesús Alonso Montero quen tiña traballado o tema con anterioridade e recuperado en Madrid, parte importante das súas obras. Oito anos despois, Casares persiste no tema nos Minilibros de Galaxia onde atopamos a *Biografía de Don Juan de la Coba* dedicada "A Gonzalo Torrente Ballester, que durante anos me pediu que escribise a biografía de don Juan de la Coba". Tomiño divulgativo que en realidade non aporta ningunha información nova con respecto ao traballo precedente.

Sobre Torrente Ballester, grande amigo e contertulio habitual, publica tamén algunha semblanza. A máis completa probablemente sexa a póstuma *Gonzalo Torrente Ballester. O escritor, o amigo*, editada pola Xunta de Galicia, en 2002. Que inclúe, ademais dun CD e un importante feixe de fotografías, dous textos; o artigo "O amigo que inventou unha cidade" publicado con anterioridade en *Un país de palabras* (Galaxia, 1998) e a conferencia "O escritor, o amigo" pronunciada en París a finais do ano 2000.






Carlos Casares conversa con Gonzalo Torrente Ballester. Foto Xurxo Lobato

No mes de maio do 91, o noso escritor recibiu o 5º Premio Literario Ánxel Fole convocado pola Caixa de Aforros de Galicia e o diario *El Progreso* de Lugo, polo ensaio *Ramón Piñeiro: unha vida por Galicia*, impreso ese mesmo ano pola Fundación Caixa Galicia. O xurado, composto por Francisco Javier Fernández Martínez, Basilio Losada, Juan Soto e Ramón Villares, recoñecía o valor documental dun traballo biográfico escrito empregando materiais de primeira man e longas conversas gravadas durante horas co grande amigo acabado de falecer.

Este material heteroxéneo e variado estaba destinado a algo, aínda que non sabiamos ben a que. Emprégase agora, en parte, no presente libro, que non son unhas memorias nin unha biografía nin a transcripción dunhas conversas. Pretende ser a historia dun home que puxo todo o seu talento, que era inmenso, ao servizo da causa do seu pobo (Casares 2005: 19)





Ernest Hemingway.
Foto VTP SIPA-Icono

Anos despois, volve escribir sobre Piñeiro en *Ramón Piñeiro*, un pequeno traballo editado en 1996 pola Xunta de Galicia.

En 1999, Carlos Casares e a editorial Galaxia, sorpréndennos con *Hemingway en Galicia*, unha biografía do Premio Nobel un tanto particular pois como ben anuncia o título, céntrase na relación do norteamericano con Galicia. No limiar da obra, anuncia Carlos Casares:

Non se trata, polo tanto, dun libro de investigación no sentido académico da palabra, por máis que durante anos me dediquei a estudar con rigor un asunto que me resultaba apaixonante, senón a narración dunha aventura persoal.

Esta condición narrativa explicará o feito de que teña prescindido de maneira deliberada de todo aparato formal, aínda que o lector interesado atopará ó final deste libro, as referencias bibliográficas oportunas.

En realidade son estas características que se poden aplicar á maioría dos traballos biográficos que estamos enumerando. Todos eles son amenos, de doada lectura. Nótase ben neles que o autor se esforza por ser didáctico e achegar a información que posúe, faino sen grandes pretensións, recorrendo a unha exposición efectivamente próxima á creación literaria que non resulta contraditoria co estudo ben documentado. Entendemos ademais que Casares non

se obsesiona con ser obxectivo; interpreta a realidade que describe, reconstrúe a memoria do ambiente que viviron os seus biografados, os detalles. Insiste na humanización dos personaxes, converténdooos en seres próximos ao lector.

En "As vidas por contar" (29-I-2002), un dos últimos artigos que asinou en *Á marxe*, a columna diaria que sostíña en *La Voz de Galicia*, Casares sostén:

Gústame as biografías, o mesmo lelas, que escribilas, por eso escribín varias. No fondo, polo menos tal como as entendo eu, son como novelas, contos ou relatos [...] Non digo que non se poidan escribir biografías científicas, que se escriben e con talento, pero ese xénero forma parte da investigación académica, non da creación literaria.

A todo isto cómpre engadir que se trata invariablemente de aproximacións biográficas non autorizadas nin supervisadas pois redáctanse, sen excepción, tras o pasamento do homenaxeado.

É xa por rematar con esta listaxe necesariamente incompleta, cómpre lembrar que o último libro publicado en vida do escritor, *A vida do Padre Sarmiento* (2002), foi unha vez máis, unha biografía divulgativa, dirixida ao público en xeral e moi especialmente a escolares e docentes, a quen se quería informar con motivo das Letras Galegas.

CONCIENCIA DE GALICIA: RISCO E OTERO, PRIMEIRAS BIOGRAFÍAS

Sen dúbida estas son as pezas mestras de Carlos Casares como biógrafo. Ambos son traballos sinxelos, moi ben documentados, escritos por encarga, supoñemos que axustándose a uns parámetros ben definidos en canto a extensión, estilo, público a quen ía dirixido, etc.



Risco por Castelao

Todos os títulos que se publicaron en Conciencia de Galicia son, sen excepción, traballos ben redactados ao coidado de intelectuais solventes que tentan reconstruír documentalmente a traxectoria de cada protagonista. Entre 1976 e 1983 apareceron un total de sete volumes. Editados en tapa branca nun formato de doado manexo, cada un deles reúne entre 200 e 300 páxinas nas que se inclúen imaxes ou gravados en branco e negro. O deseño das portadas, sinxelas e sobrias, foi responsabilidade de Manuel Janeiro e Francisco Mantecón.

O primeiro, *Manuel Murguía*, asínoa Vicente Risco; o terceiro, *Florentino L. Cuevillas*, Ramón Otero Pedrayo; o cuarto, asínoa Amado Rincón e titúlase *Eduardo Pondal* e o sétimo, e derradeiro, de Ramón Maíz, está dedicado a *Alfredo Brañas*. Das lapelas e contraportadas dos libros despréndese que nun primeiro momento o proxecto abranguía unha ampla nómina de autores e que existiron compromisos autorais firmes que por razóns diversas, non se levaron finalmente a cabo. Domingo García-Sabell pensaba escribir sobre Rosalía de Castro, Ramón Piñeiro faría o propio con Castelao, Francisco Fernández del Riego sería o encargado de Lamas Carvajal, Franco Grande de Benito Vicetto e Xosé Manuel Beiras tería aceptado o volume sobre Alexandre Bóveda.

A estes habería que sumar o de Marino Dónega, que en carta datada na Coruña o 29 de agosto de 1976, dilles a Maruxa e Luís Seoane.

Rematada a a Escolma de Cabanillas 1, xa na rúa, recibo o encargo dun novo libro. Unha biografía de Antón Villar Ponte, que ha formar parte da colección que inauguro Galaxia baixo o rubro xeral de Conciencia de Galicia. Iniciouse coa biografía de Murguía, feita no seu día por Vicente Risco. Seguirán outras de Rosalía (García Sabell), Castelao (Piñeiro), Curros



*(Carlos Casares). E así sucesivamente. Ando a remexer en caixóns de papéis e retallos de prensa que deixou o meu futuro biografiado, clasificándoos e poñendoos en orde. Un lio e un labor de moito mimo*².

En *De min para vós. Lembranza epistolar* (Galaxia 2003) o propio Dónega desculpa o incumprimento do proxecto:

Esta lembranza do fundador das Irmandades da Fala e o coñecemento da súa peripecia humana e política, e mesmo da súa obra xornalística e literaria, leváronme a aceptar un encargo que aínda hoxe non cumprín. Refírome á redacción dunha biografía de tan insigne galeguista. Encetei o labor logo de tomar notas e de argallar nos xornais da época, tanto galegos coma cubanos, españois coma portugueses, pero ata o de agora non fun quen de levar adiante o meu compromiso. E, contricto, confésome peccador. Si, pero ¿e o propósito de emenda? Fareino.

Comprobamos como Conciencia de Galicia, interrompida a súa aparición de maneira silandeira e repentina, implicaba tanto ás novas xeracións como á cerna fundacional de Galaxia.

Atendendo ás contraportadas dos libros finalmente editados, cómpre ter en conta ademais, que foi pensada como unha gran colección, da que se proxectaron cando menos dúas ducias de títulos.



2 http://consellodacultura.gal/epistolarios/epistolario_rosalia_tem.php?tematica=3685

Casares foi o único estudoso que asinou máis de un volume na colección. Concluíu, segundo se anunciou, os retratos dedicados a Curros, Risco e Otero. Aos dous últimos, os que aquí nos interesan, coñeceunos e



tratounos persoalmente. Ademais tanto no caso de Vicente Risco como no de Ramón Otero Pedrayo practicamente non había traballos académicos sobre eles. De feito, sobre Otero era o primeiro que se facía pouco despois de que se cumprise un ano do seu pasamento. Ambos volumes, convertéronse de contado en obras de obrigada consulta o que xustifica que fosen reeditadas en 2004 nun único tomo titulado

Conciencia de Galicia. Risco, Otero, Curros: tres biografías.

Cronoloxicamente, *Otero Pedrayo* sería o primeiro traballo biográfico de Casares, concluído, segundo reza no prólogo, en Halmstad (Suecia) no "vran de 1977". Non sería impreso até o 27 de xuño de 1981, apenas un mes e medio despois de *Vicente Risco*, rematado en Rodeira (Cangas) no mes de marzo de 1981 pero impreso, segundo os datos do colofón, o 16 de maio de 1981. Os dous parecen ser froito dos meses de documentación e investigación que Casares tería empregado a mediados dos anos 70 na preparación dunha tese cuxo tema tería sido *A Xeración Nós*³.

Polo que respecta a *Vicente Risco*, trátase, como xa se dixo, dun dos primeiros traba-

llos sobre o autor de *O porco de pé*, asinado case 20 anos despois do pasamento do intelectual e publicado pouco antes de que se lle dedicasen as Letras Galegas. Nas páxinas iniciais, Casares agradece a colaboración de María Teresa Sánchez Cortón, da familia Pérez Colemán e por suposto, de Francisco Fernández del Riego. Todos eles tiñan tratado ao ourensán e a todos eles tería entrevistado o investigador. Ademais ao longo do seu estudo, Casares vai aludindo a outras fontes orais. Conversas con Xaquín Lorenzo (p.107), con Fernández del Riego (p.102) ou con Casado Nieto (p. 15).

Segundo ten anotado a profesora Olivia Rodríguez (2003: 229) a tarefa que se propón emprender o noso autor dista moito de ser doada:

Pois se en Otero había paradoxos e contradicións, en Risco hai verdadeiras voltas e reviravoltas. Casares amósase escrupuloso: non quere ocultar o cariño que sente por el, e di que vai utilizar un ton comprensivo, aínda que nunca exculpatorio. Di finalmente: "Aceptemos, pois, que esta biografía é unha visión persoal sobre Vicente Risco" (Casares 1981b: 10), pero engade que está convencido de que se debe parecer bastante a como foi en realidade.

Para Casares, trátase dunha figura imprescindible na historia de Galicia do século XX. Segundo contou en máis dunha ocasión a Vicente Risco, que fora profesor do seu pai, coñeceuno persoalmente en Ourense, por volta do ano 1959. Don Vicente era daquela o presidente do Concurso Provincial de Cuentos de Navidad cuxo primeiro premio acadara un novísimo Carlos Casares. O propio Risco teríao convidado a participar no faladoiro do café Parque onde tivo a oportunidade de tratar durante os últimos anos da súa vida, ao "teórico definidor do nacionalismo galego".

3 Cónstanos ademais que no ano 1972, Casares traballaba nunha tesíña sobre Castela.

Carlos Casares que quería, respectaba e admiraba a don Vicente, recorda era:

Un home pequeniño e miúdo intelixente e bo, unha miga beato, intelectualmente audaz e moderno, contribuíu como poucos, non á exaltación literaria e cultural de Galicia, senón á súa propia creación e configuración como pobo. Neste sentido merece un premio. Polo menos, o respecto e o recoñecemento polo rigor da súa obra (Casares 1993: 8)

Anos despois, en 1961, xa en Santiago, e tras recoñecer que coñecía e estimaba a don Vicente alguén, quizais Salvador García Bodaño (Casares 1993: 5), dille que fora un traidor e Casares apesarado e sabendo que xa non ten oportunidade de contrastar esa información co propio Risco, moi enfermo, comeza a documentarse:

Decidín indagar nos arquivos e as hemerotecas para aclarara as dúbidas que me asaltaban. Foi así como naceu a biografía que lle dediquei bastantes anos despois, non sen vencer antes algúns escrúpulos, desconcertado pola significación política de algúns textos publicados na prensa ourensá nos anos cuarenta (Casares 1993:5)

A documentación da biografía do ano 81, comeza pois, para satisfacer a súa propia curiosidade.

O que si sabía, no trato con el, é que el era un home conservador, non en todo, por exemplo en arte, en pintura, en eso era moi avanzado, pero en cambio en costumes, en materia relixiosa era extraordinariamente conservador, e tamén se vía que non se podía falar mal diante del nin dos curas nin de Franco nin nada deso (Casares 2003: 63)

E é así como descobre “cosas terribles” no pasado daquel home de trato sinxelo e cariñoso que tratara nos faladoiros ourensáns cando era pouco máis ca un neno.

No meu libro procuro demostrar que non foi por medo, mais por coherencia ideolóxica. Eu refiro, por exemplo, artigos del nos anos 40 eloxiando a Hitler, considerándoo o home maior da Historia. Mais se les, por exemplo, treitos de artigos seus da viaxe que fixo á Alemaña nos anos 30, eu publicoos aí, hai uns terríbeis, falando dos xudeus, dicindo que son porcos, que era xente mala, ruín. E outro texto sobre os comunistas, en que fala nun ton absolutamente reaccionario. Despois, hai outro texto sobre Freud e fala da liberdade de costumes. E di que en canto á doutrina de Freud do que se trata é de darlle gusto ao corpiño! Eu, como o coñecín, pensaba que era preciso dicir a verdade sobre el, porque o que se dicía era moi controvertido. Foi franquista e eu tiña datos inéditos do seu compromiso con Franco. A pesar diso, demostro, Risco é unha figura moi importante na literatura galega. A única maneira de o asumir era mostrar tal como era. (Viale Moutinho 2004: 126)

Comprobamos como pese ao afecto que sente por Risco, do que nunca renegou, e a amizade que o unía con Ramón Piñeiro, na biografía que estamos comentando, afastase abertamente da teoría que Piñeiro defendera no prólogo a *Vicente Risco na cultura galega* de Ramón Lugo.

Na terceira época [1936-1963] -despavorida percura dunha “salvación” individual-, domina o terror incurábel producido no seu ánimo pola guerra, renovado cada día e cada hora polo arreuizo dos mil medos cativos que o abouraban arreo e que foron parar nun medo tremendo e teimoso: o medo á morte (Lugrís 1963: 12)

Para Carlos Casares, a Risco non o moveu o medo senón un pensamento conservador, moi conservador, que en realidade o acompañara desde sempre.

Polo que respecta a *Otero Pedrayo*, estamos ante a primeira biografía que se publica so-



Otero por Conde Corbal

Entregáronlle o premio nun acto celebrado no Palacio Provincial da Coruña o día 15 de setembro dese mesmo ano. Asistiron os presidentes das Deputacións de Ourense, Pontevedra e A Coruña e o vicepresidente da de Lugo. Estaban ademais, os membros do xurado, o presidente da Real Academia Galega, o reitor da Universidade de Santiago, o Gobernador Civil da Coruña e o Capitán Xeral da Zona Marítima do Cantábrico. Ao remate, houbo unha cea no Pazo de Mariñán.

Segundo parece, o biógrafo tería comezado a escribir entre abril e maio de 1977, ao pouco de se convocar o certame. Manexa material de primeira man, tirado do fondo Otero Pedrayo que inda estaba sen documen-

bre escritor ourensán e durante moitos anos será o traballo de referencia neste terreo.

No ano 77 recibiu o medio millón pesetas do I Premio Ramón Otero Pedrayo, convocado polas catro Deputacións galegas. O xurado estaba integrado por Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro, Marino Dónega, Emilio Duro, Celestino Fernández de la Vega e Isidoro Millán González-Pardo. Casares asinou a obra en Halmstad (Suecia) no verán de 1977 e dedicoulla Karin e Jonas, pais de Kristina Berg, en cuxa casa afirma ter concluído a redacción. Cando regresou a Galicia a finais do verán para incorporarse ao instituto de Cangas onde impartía aulas, mecanografou o manuscrito e enviouno ao certame.

tar e sen catalogar na Fundación Penzol de Vigo, onde había ben pouco tempo que chegara. O propio investigador reconece que foi Francisco Fernández del Riego quen lle facilitou o acceso ao fondo.

Se no caso de Vicente Risco, Casares tiña recorrido a diverso material inédito gardado na Fundación Penzol como os epistolarios de Fernández del Riego, de Castelao ou de Xohán Vicente Viqueira. No caso de Otero Pedrayo anotamos cando menos, a consulta de inéditos redactados polo propio escritor, como é o caso do texto titulado "Meu pai" ao que se alude na páxina 33; documentos familiares como o testamento paterno, do que se fala na páxina 34 e o manuscrito *Memorias do meu vivir* escrito por Otero Pedrayo por volta

do ano 1963 pero inédito até 2015. Da lectura da obra despréndese ademais que Casares fixo un completo e detallado traballo na hemeroteca dos xornais ourensáns *La Región* e *El Miño*.

Como na ocasión anterior, ao longo do volume o escritor recoñece ademais a axuda de conversas informais que tiñan proporcionado información sobre algúns temas. A Xoán Luís Saco agradécelle a información sobre a situación administrativa de don Ramón na posguerra (Casares 1981 b: 177), a Leuter González Salgado e a Isidoro Guede, agradécelles a narración do acontecido o 11 de novembro de 1949 ante a estatua de Lamas Cavajal no xardín do Posío, cando don Ramón se lanza a falar en galego e as autoridades franquistas irritadas interrómpeno cantando o “Cara al sol” (Casares 1981 b: 178).

Como fontes documentais utiliza tamén, algunhas entrevistas especialmente significativas. A que lle concedeu a Víctor F. Freixanes en *Unha ducia de galegos* citada por vez primeira na segunda folla da biografía, e a que lle concedera a Maribel Outeiriño en *La Región* o 13 de decembro de 1975.

Cómpre ademais que sinalemos que no libro que se publica no ano 1981 hai referencias continuadas á *Historia dun neno*, breve relato autobiográfico de Otero Pedrayo impreso polo Patronato da Fundación Otero Pedrayo en 1979 a partir dun manuscrito que non se gardaba en Vigo. Dato este que nos fai pensar que o traballo que se publica no 81 é en realidade unha revisión do que se premiara no 77.

Casares tratou pouco a don Ramón e recoñeceu en diversas ocasións que se posicionou abertamente no bando de Risco nos anos 60, cando ambos intelectuais se disputaban o Premio Galicia da Fundación Juan March.

A Otero eu coñecino xa de neno. Porque Otero era mui amigo dun tío meu e entón eu, ben Don Ramón... é dicir, a min impresionoume moito máis Risco que Otero, porque a Otero coñecino como o fillo de Doña Eladia e ben, como Don Ramón, pero a un neno é difícil que lle impresione un escritor, é dicir, chegaba un momento en que para min era un señor que coñecía, ía moitas veces a Trasalba a casa del, ó pazo (Casares 2003: 63)

Na Fundación Penzol consérvanse na actualidade un total de oito cartas asinadas por Carlos Casares dirixidas a Ramón Otero Pedrayo⁴. A primeira delas datada o 18 de maio de 1964 e a derradeira o 30 de agosto do 68. Durante ese breve período de tempo, o noso autor limitase a escribir notas de compromiso que teñen como finalidade principal felicitar ao escritor con motivo do seu santo ou de calquera outro acontecemento.

En varias delas amosa a súa admiración e incide na coherencia e dignidade de Otero Pedrayo. Unha postura limpa que parece confrontarse coa do seu compañeiro de xeración. En carta datada en Xinzo de Limia o 29 de xuño de 1964, di Casares:

Vostede ben sabe cómo o queremos que nos fixemos de Galicia a nosa preocupación i o noso amor meirande. Porque esta preocupación i este amor chegou a nós gracias ás súas verbas, gracias ós seus libros e sobre todo gracias a unha cousa que os rapaces mozos de hoxe poñemos por riba de todo: a súa limpa conducta, a súa ética ante os problemas da nosa terra. Vostede é pra todos nós un símbolo. Un mito vivinte, un mito real, non un soño. Penso que xa lle dixen noutra ocasión que Galicia está representada por ter persoas: Rosalía, Castelao e vostede. i este o po-



Leuter González Salgado.
Colección Cristina Nuevo

⁴ Agradecemos á Fundación Penzol de Vigo a consulta dos documentos citados. Poden atoparse baixo a seguinte referencia CA-604/52 (1-8)

bo sínteo, pálpao con isa sensibilidade sán que teñen as xentes do campo. Estou seguro de que si eles podesen levarían as súas verbas de agradecimento e de respecto hastra a sua casa de Trasalba.

En xeral, as cartas conservadas son breves notas nas que non se alude demasiado á vida persoal dos correspondentes. Chama a nosa atención a asinada o día 2 de febreiro de 1967, onde Casares lle conta a don Ramón:

Recibín a súa carta, que me emocionóu. Agradézolla moito. A liña ética da sua vida é pra nós os mozos, unha esperanza i unha lección inolvidable. Por eso lle queremos tanto. Dime que no seu retiro non sabe as cousas, pro que as supón. Voulle contar o que vostede terrá imaxinado xa; Aranguren deu unha conferencia i eu fixen a súa presentación.

A saída, a policía díxonos que quedábamos deteñidos. Leváronnos á comisaria e presentamos declaración. Despois de nos coller as "huellas dactilares" dos dez dedos das mans, coma si fósemos ladrós, pasamos ó Xuzgado. O xuez púxonos a disposición do Tribunal de Orden Público. Hoxe recibín a noticia de que o caso quedóu sobreseído.


O tomiño converteuse decontado nunha obra de consulta obrigada e moitas das afirmacións nel contidas, repetíronse ao longo do tempo sen grandes cuestionamentos. Así a idea de que Otero procedía de "vellos liñaxes fidalgos" (p.23) e era propietario dun pazo (p.107) en Trasalba. Ideas ambas que pese a ser moi do gusto do propio escritor non se sosteñen na realidade. Otero era fillo dun médico e neto dun avogado e dun militar. Non hai familiares fidalgos na familia en varias xeracións pero a afirmación

de Casares do ano 1981 perpetuouse até a actualidade.

Algo semellante sucede cando define a don Ramón como o creador da moderna prosa galega e di que *Arredor de sí* é "a gran biografía espiritual da Xeración Nós" ou cando sinala que "como ensaísta é moi desigual" (p. 128) ou que "a obra do ensaísta resulta inferior á do novelista" (p. 127). Afirmacións, ao noso modo de ver, bastante discutibles. Ambas foron ideas difundidas por traballos posteriores.

O capítulo que Casares dedica á descrición da obra narrativa é un exercicio coidado e detallado que contrasta coa pouca información que se fornece do escritor como autor de textos en castelán ou como articulista incansable. Cómpre ademais sinalar que Casares establece unha clasificación da obra narrativa oteriana que non cadra coa que pouco antes propuxera Ricardo Carballo Calero.

Antes de rematar este traballo quixeramos facer constar que esta primeira biografía oteriana apunta, sen demasiada argumentación, a que as "cualidades de Otero como escritor" son a "improvisación [...] barroquismo [...] despreocupación formal" (Casares 1981 b: 127). O biógrafo conclúe ademais que na posguerra "as características do escritor mantéñense inalteradas: a mesma capacidade para crear reloxos caracteres, as mesmas dificultades para manter o equilibrio da narración, a perturbadora mestura de realismo e romanticismo" chegando a afirmar un pouco máis adiante: "Pero o que resulta evidente é que a veta está esgotada, por máis que nas últimas mostras aínda brille e reluza o bon oficio de antaño" (p. 198). Xuízos de valor arriscados e ao noso entender, non demasiado xustos.






Foto Eduardo Núñez

Bibliografía

- CASARES, C. (1981) *Vicente Risco*, Conciencia de Galicia, Vigo: Editorial Galaxia.
- (1981 b) *Otero Pedrayo*, Conciencia de Galicia, Vigo: Editorial Galaxia.
- (1984) *Conversas con Ánxel Fole*, Vigo: Editorial Galaxia.
- (1993) "A tertulia de Vicente Risco", VV.AA (1993) *Vicente Risco. Arredor de nós*, Vigo: A Nosa Terra.
- (2003) "Entrevista a Carlos Casares" *Carlos Casares. Revista de Estudos Miñoranos*, Vigo: Instituto de Estudos Miñoranos, pp. 59-72.
- (2003 b) *Á marxe. Palabra de escritor* (2 de xaneiro-10 de marzo de 2002), Santiago de Compostela, Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- (2005) *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, Vigo: Editorial Galaxia.
- DÓNEGA, M (2003) *De min para vós. Lembranza epistolar*, Vigo: Galaxia.
- PIÑEIRO, R. (1963) "Prólogo", LUGRIS, R. *Vicente Risco na cultura galega*, Vigo: Editorial Galaxia.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, O. (2009) "Carlos Casares e a Xeración Nós", *Actas Simposio Carlos Casares*, Fundación Carlos Casares, pp. 213-239
- VIALE MOUTINHO, J. (2004) "A alegría de o escoitar", *Carlos Casares. Os amigos, as imaxes, as palabras*, Vigo: A Nosa Terra.
- VV.AA. (2003) *Carlos Casares. Revista de Estudos Miñoranos*, Vigo: Instituto de Estudos Miñoranos.
- VV.AA. (2004) *Carlos Casares. Os amigos, as imaxes, as palabras*, Vigo: A Nosa Terra.